

## **O Craega doa aos bancos de alimentos leite, conservas vexetais e de peixe con selo eco**

- **Nove mil litros de leite, 4.416 latas de conservas de peixe e outras 3.030 vexetais acaban de chegar aos centros de Lugo, Vigo, Ourense e Santiago**
- **O organismo quiere contribuír a paliar o impacto da crise sanitaria e económica xerada pola COVID-19 entre os colectivos máis vulnerables**

**Monforte de Lemos, 16 de xuño de 2020-.** O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) vén de poñer en marcha unha campaña solidaria para contribuír a paliar o impacto da crise sanitaria e económica xerada pola COVID-19 entre as persoas con menos recursos. Máis de nove mil litros de leite, 4.416 latas de conservas de peixe e mariscos e outras 3.030 vexetais -todos eles produtos ecolóxicos certificados- acaban de chegar aos catro bancos de alimentos da comunidade, centros que están ofrecendo unha resposta aos que sofren con máis intensidade os efectos devastadores da pandemia.

O organismo que controla e certifica a agricultura ecolóxica en Galicia quiere así poñer o seu gran de area para aliviar a grave situación na que se atopan as persoas e colectivos vulnerables que buscan amparo nas entidades sociais. En total, o donativo aos bancos de alimentos inclúe 9.000 litros de leite, 3.408 latas de sardiñas en aceite de oliva eco, outras 1.008 de mexillóns en escabeche eco e 3.030 unidades de conservas vexetais con selo.

Con presenza en Lugo, Vigo, Ourense e Santiago, a Federación Galega de Bancos de Alimentos (Fegaban) detectou desde o estalido da crise o incremento da demanda. Ademais de redobrar esforzos para facer fronte á emerxencia, estableceu liñas de colaboración con institucións de diversa índole co obxectivo de multiplicar a súa capacidade de resposta. O que veñen solicitando basicamente son produtos básicos de alimentación -non perecedoiros- atendendo ás carencias identificadas nos fogares e organismos cos que colaboran. Considerando as súas necesidades, o Craega priorizou a entrega de leite, conservas de peixe e vexetais, produtos que foron repartidos equitativamente entre os catro centros.

**QUE É O CRAEGA?** O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) é unha autoridade pública que se fundou no 1997 para aplicar o sistema de control da agricultura ecolóxica na comunidade.

A produción ecolóxica está regulada por unha normativa europea -Regulamento (CE) 834/2007- que establece as normas de produción, transformación e etiquetado. Ademais estipula como controlar todas e cada unha das fases de produción e elaboración do produto, desde a orixe ata que chega a mans do consumidor.